



Antonio Tizón: “Tan erróneo é romantizar a loucura como estigmatizala con atributos fóra da realidade”

19 de maio de 2026

Redacción

<https://amovida.gal/antonio-tizon-tan-erroneo-e-romantizar-a-loucura-como-estigmatizala-con-atributos-fora-da-realidade/>

Antonio Tizón (Aranga, A Coruña, 1960) é licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense, de Madrid, e diplomado en Estudos Avanzados pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como xornalista en distintos medios e como profesor de diversas materias nas agora chamadas Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Ourense, Santiago e A Coruña. O seu traballo literario máis importante é a pentalogía do inspector Sánchez Pereiro, que vén de pechar agora con *A madriña* (Editorial Elvira, 2026), e na que volve abordar as doenzas mentais e o que supón vivir con elas. Esta obra é un macrotexto no que se pon de manifesto un universo que tamén reivindica as historias e as voces das persoas que viñeron antes ca nós, en especial as das mulleres.

Despois de cinco obras da serie do inspector Sánchez Pereiro, que supón pechala?

Pechar esta serie supón unha combinación de varias sensacións; algunhas delas, contraditorias. Sinto á vez alivio e nostalgia. Nostalgia por poñer fin a un mundo propio, creado por min e para min, primeiro, e logo para toda a xente que decidiu incorporarse a estas historias a través da súa lectura. E alivio case pola mesma razón, por ser capaz de rematar un proxecto no que levo embarcado durante moito tempo, a maior parte da miña vida literaria. Porque, efectivamente, estiven moito tempo, bastantes anos antes da publicación en 2015 da primeira novela da serie, *A antesala luminosa*, á que seguiron *Un home estraño* (2018), *Os incurábeis* (2020), *Lobos doentes* (2023) e *Madriña* (2025), escribindo e reescribindo esta pentalogía, que sempre considere e considero aínda agora un proxecto interesante, orixinal e ambicioso, e que, no seu momento, sobre o 2011, lle presentei a Manuel Bragado, daquela editor de Xerais. O que pretendía, xa daquela, era crear unha serie de novelas, independentes pero complementarias, que abordasen, desde distintas perspectivas, a temática do trastorno mental e, ademais, en clave de xénero negro.

Cal é a xénese desta pentalogía?

Todas elas, as cinco, se localizan nun marco xeográfico e histórico determinados e, en todas, existe un punto de partida, a xénese de cada trama, onde me fago unha serie de preguntas para as que, ás veces, nin sequera teño respostas definitivas, e que, en todo caso, debe intentar responder tamén o lectorado. Preguntas coma estas: 1) Por que se volve tolo un rapaz de 21 anos, sen problemas aparentes, en plena Transición, nunha sociedade convulsa? 2) Foron causas ambientais ou xenéticas? 3) Pode a literatura ser eficaz, como medio de expresión artística, á hora de abordar un tema como o trastorno mental dunha forma rigorosa e en clave de xénero negro? 4) Pode concibirse a loucura como algo romántico, creativo, positivo e, incluso, marabilloso? 5) Que ocorre cando esa concepción romántica da loucura choca coa realidade? 6) Que pasaría se levásemos ese concepto de *guerra preventiva*, tan de moda tras o 11-S, o marco histórico da terceira novela da serie, *Os incurábeis*, a todos os ámbitos sociais, incluído o da psiquiatría? 7) Que facer coas persoas que padecen enfermidades mentais graves (esquizofrenia, TB)? Teñen cura ou son incurábeis? 8) Son persoas normais ou especialmente violentas, perigosas? 9) E, se son un perigo, como tratalas? Teñen bo ou mal tratamento? 10) Por que se confunde tan a miúdo a loucura coa maldade, a perversidade? Preguntas que, en definitiva, se poden resumir en dúas ou tres (que facer coa loucura, que facer coa sociedade, que facer coa existencia...), preguntas que intento responder nesta pentalexía, que pecho con *Madriña*.

***Madriña* é a túa última novela, na que o inspector deixa paso á súa filla Clara. É isto un avance dunha nova serie protagonizada por ela?**

Cheguei a pensar nesa posibilidade pero, finalmente, decidín rexeitala. E non porque a temática da saúde mental e o formato de xénero negro non desen máis de si, que dan, e seguro que darían, xa que o tema é inesgotábel e o negro é un xénero que está continuamente reinventándose a si mesmo, senón por outro tipo de razóns. Razóns propias, porque quero escribir sobre outros temas e con outras formas, e porque, nesta pentalexía, xa está dito o máis importante que quería dicir, e tamén por razóns alleas, porque boa parte da miña cuadrilla e, polo tanto, da miña audiencia, está a pedirme a berros que cambie de rexistro.

Centrándonos xa na novela, como foi a xestación dun proxecto multimedia coma este?

Para responder a esta pregunta tería que remontarme á petición de Henrique Sanfiz, o director de Radio Fene, quen, moi influenciado polo éxito de *Serial*, un pódcast norteamericano que arrasou cando se emitiu en 2014 en Estados Unidos, chegando a alcanzar máis de 70 millóns de oíntes, me ofreceu facer algo semellante coa miña novela *A antesala luminosa*. Sen saber moi ben onde me metía, aceptei o encargo e, a partir de aí, dunha forma cada vez máis profesional e sempre baixo a dirección de Eugenia Sanmartín e cun equipo técnico e artístico que oscilaba entre trinta e cincuenta persoas, adaptamos todas as miñas novelas da pentalexía á linguaxe radiofónica. O normal era escribir e publicar primeiro a novela e despois facer, cun guión da miña autoría, a súa adaptación á radio. Pero, no caso de *Madriña*, co previo consentimento da editorial, fixemos e emitimos primeiro o pódcast e logo escribín e publiquei a novela, de tal maneira que podemos complementar a súa lectura con nada menos que 77 códigos QR, que remiten a unha radionovela de 62 capítulos e a un audiolibro de 15, algo inédito non só na narrativa galega, senón en calquera outro sistema editorial.

Temos aquí varias voces que conviven na trama: a da *madriña* que lle fala ao casete e conta a súa vida, a dun narrador omnisciente que conta as vidas dos descendentes dela, a do inspector Sánchez Pereiro e a da súa filla. Como as creaches?

Efectivamente, na novela se combinan de forma proporcional, case medida, catro voces narrativas, e todas moi distintas entre si. Hai dúas voces en primeira persoa, a do comisario e a súa filla policía, que sustentan a parte negra e policial da trama, hai unha voz en segunda persoa, a da madriña, que lle fala ao seu neto preferido, o meu alter ego, a través dun magnetófono, unha voz oral, popular, a máis difícil de lograr, porque tiña que ser verosímil, sen caer nos cultismos, nos castelanismos nin na vulgaridade, e hai tamén unha voz en terceira persoa, unha voz omnisciente, a máis elaborada literariamente, unha voz que, en apenas setenta páxinas, catro por personaxe, resume a vida de quince persoas, os membros fundamentais que conforman a árbore xenealóxica familiar. Quizais sexa isto, a harmónica combinación destas catro voces narrativas, o aspecto máis orixinal da obra, pero para min o mellor da novela é, sen dúbida ningunha, o retrato persoal, familiar e social de todo un tempo (o século XX e a primeira década do século XXI) e espazo (a Galicia dese tempo) determinados. Determinados e esmiuzados pola voz do narrador omnisciente, a parte que me deixou máis satisfeito, e a voz da madriña, a parte máis emotiva para min.

Quen é a madriña, a protagonista inesquecible desta obra?

A madriña é a miña avoa, a nai do meu pai, a quen, sen selo, sempre chamei e chamo aínda, agora xa morta, madriña. Unha figura extraordinaria, unha muller analfabeta pero dotada cunha sabedoría moi especial e portadora, ademais, dun inmenso repertorio de contos e cantos populares que me contaba e me cantaba a min sempre que me sentaba con ela á beira da súa cama.

Escribes e analizas as enfermidades mentais, concretamente o trastorno bipolar que afecta a varios homes dunha mesma familia. Recoñeciches moitas veces que na túa obra pretendes concienciar sobre isto. De que forma o fas?

Botando man da miña experiencia propia e de moitas alleas, de lecturas especializadas e de intercambios de impresións non só con profesionais da psiquiatría, senón tamén coas persoas que me rodean. E partindo da miña experiencia práctica e teórica, a aínda a risco de chocar con algunhas correntes psiquiátricas e psicanalíticas, algunhas cousas si teño claras, tal como explico no capítulo 56 de *Madriña*. Teño claro, por exemplo, que hai determinadas manifestacións da conduta humana que non son “formas de ser”, senón enfermidades mentais que non se poden tratar con palmadas no ombro ou tan só con terapias psicolóxicas, porque requiren un tratamento base farmacolóxico. Teño claro, por exemplo, a relación existente entre a xenética e as enfermidades mentais, que son as máis xenéticas que existen, en maior medida que as físicas, incluído o cancro. Estou tamén convencido de que, nestes momentos, enfermidades mentais graves e crónicas, como a esquizofrenia ou o trastorno bipolar, como tantas outras físicas, non teñen cura, pero si tratamento, e bo tratamento. E estou igualmente convencido de que as persoas que as padecen, ben diagnosticadas e tratadas poden levar unha vida persoal, familiar e laboral practicamente normal, entendendo sempre o de “normal” entres aspas, porque hai quen concibe o tratamento do trastorno mental tamén como un xeito de cuestionar a “normalidade” social, o pensamento e comportamento hexemónicos.

No libro reivíndícase varias veces que a loucura non é felicidade nin é amiga da creación. Como foxes da romantización desta idea expresada durante tanto tempo por moitas persoas, mesmo dende a arte?

Tan erróneo é romantizar a loucura como estigmatizala con atributos fóra da realidade. Existen, efectivamente, entre outros, eses dous perigos. Sería moi conveniente desmitificar tanto esa concepción romántica da loucura, que a ve como algo creativo e, incluso, positivo, e non como

unha enfermidade que fai sufrir a quen a padece e ás persoas do seu entorno, e desmitificar tamén ese exceso de dramatización, que pode chegar a percibir a quen padece un trastorno mental como unha persoa violenta e perigosa, para ela mesma e para a sociedade. Penso que a mellor maneira de evitar todos estes estereotipos e outros semellantes, tanto desde unha perspectiva artística, literaria, como social, consiste en abordar o tema con rigor e con coñecemento, sen falsidades nin sensacionalismos.

Tamén deixas claro que non se debe confundir loucura con perversidade nin maldade.

Por que se confunde tan a miúdo a loucura coa maldade, a perversidade? Porque, cando dicimos frases como “os terroristas, os violadores, os asasinados... están tolos”, non estamos, con esas expresións tan habituais e desafortunadas, estigmatizando o trastorno mental e as persoas que o padecen? Unha vez nun congreso de psiquiatría ao que asistín unha muller dixo: “padezo un trastorno bipolar e son unha boa persoa. O meu home padece un trastorno bipolar e é unha mala persoa”. Máis claro, imposible.

Que supón vivir cunha enfermidade mental e que poderíamos facer como persoas se temos a outra preto que a padeza nas nosas vidas? E como sociedade, cales son os retos?

Eu destacaría, en definitiva, que a mellor maneira de abordar esta temática, o trastorno mental, tanto desde a perspectiva literaria, onde pululan demasiados personaxes estereotipados, como, por poñer un exemplo, eses xa habituais asasinados en serie cun altísimo coeficiente intelectual, que deforman a realidade, como desde a perspectiva social, onde persisten os estigmas por falta de información e coñecemento, é abordala como o que realmente é, unha enfermidade, grave e crónica, que, como tantas outras enfermidades físicas, tamén graves e crónicas, neste momento aínda non teñen cura, pero o que si teñen é tratamento, e bo tratamento, cuxa eficacia dependerá das características propias de cada trastorno e das peculiaridades de cada persoa que o padece.

***Madriña* é unha homenaxe aos cantos e contos das mulleres, que tamén aparecen aquí. De onde colliches estes cantos? Tiñas alguén na familia coma esta muller?**

Alguén máis hai, pero o referente fundamental é o da miña avoa, da que xa falei antes e a quen dedico non só esta novela, senón moitas outras das miñas obras; en especial, a de *Coplas analfabetas*, un libro disco ilustrado que, ao igual que *Madriña*, escribín como homenaxe a ela e a tantas outras mulleres que foron e son como ela, a miña avoa, a madriña, María Dominga, a quen debo a miña vocación literaria, porque estou convencido de que foron os seus contos e os seus cantos os que a espertaron e alimentaron. Por iso, aínda que os moitos cantos que aparecen nestas obras son creacións miñas pode dicirse que son tamén creacións súas porque a elas, á miña avoa e ás que foron e son coma elas, debo a miña inspiración.

Carlos Oroza aparece tamén. Podes contarnos algo breve do seu sentido na trama?

Carlos Oroza aparece de forma imprevista, tamén para min, case na metade da novela, pero a súa aparición produce un punto de xiro fundamental que vai cambiar por completo o sentido da trama. Ás veces xorden, como un milagre, este tipo de imprevistos que enriquecen moito unha obra. E non quero mitigar a intriga contando máis cousas sobre este personaxe extravagante, din que o mellor poeta oral do século XX, o último aedo que houbo sobre esta terra. Contar, simplemente, que a editorial Elvira se creou en homenaxe a Oroza e esa é unha das razóns que poden explicar por que *Madriña* se publicou aquí e non na editora que publicou

as catro novelas anteriores da serie. Dikir tamén que a presenza de Oroza na novela fai que esta sexa a máis viguesa das miñas obras, habitualmente coruñesas.

Ao longo desta serie empregaches moito os espazos da cidade da Coruña. Canto hai de Sánchez Pereiro en ti, e viceversa?

Quizais haxa máis de Sánchez Pereiro en min do que eu mesmo penso, por moito que a xente que me coñece, ou cre coñecerme, diga que o único que compartimos é o noso gusto obsesivo pola gastronomía.

Cres que se pode sacar do esquecemento as vidas de persoas anónimas ao escribilas?

Si, tanto no caso de María Dominga, a madriña, como de Gustavo Gallego, o meu alter ego, e creo que é necesario sacalas do esquecemento para dignificar a voz das persoas silenciadas pola historia.

Que virá agora despois de Sánchez Pereiro? Estás inmerso nalgún proxecto do que nos poidas avanzar algo?

Si, estou embarcado nun proxecto do que por agora prefiro non falar, tan só dicir que quizais o aborde primeiro en formato pódcast ca en forma de novela, como foi o caso de *Madriña*.